



Nº 40 - 2020

CIG

Boletín
Sindical

www.cig.gal

Por unha Galiza ceibe e sen explotación

Superar a crise do coronavirus con dereitos para a clase traballadora

Os datos de desemprego dos últimos meses evidencian a grave situación laboral e de crise industrial que atravesamos en Galiza e confirman o fracaso e a ineficacia das inxustas políticas económicas e laborais que aplica o Goberno español, que se fundamentan na reforma laboral imposta polo PP, mais tamén na actualización desta, conforme aos acordos sociais pactados por CCOO, UGT e a patronal, con motivo da emerxencia sanitaria da covid.



A prórroga dos ERTE nas condicións actuais, sen ter derogado esa reforma, é unha tortura para a clase traballadora. Permite que as empresas apliquen regulacións de emprego sen control, modificacións substanciais das condicións de traballo, descolgues de convenio ou que non complementen as prestacións por desemprego.

Seguir ameazando o futuro das pensións, camiñar cara á imposición do teletraballo sen dereitos ou negarse a recoñecer os dereitos de conciliación, na liña da proposta que a CIG ten defendido, aboca á indefensión á clase traballadora, máis diante dos novos surtos da covid-19.

Urxe pois a derogación das reformas laboral e das pensións porque, coas medidas que exixirá a UE para acceder ao fondo de reconstrución, afondarase aínda máis na precariedade e na pobreza laboral.

As empresas deben ter a obriga de completar até o 100% os salarios e de establecer un calendario de reincorporación das traballadoras e

traballadores eventuais despedidos desde o 14 de marzo. Cómpre pór o "contador a 0" para todas as persoas no desemprego desde o mes de xaneiro 2020. Isto xunto coa deroga-

ción da reforma das prestacións por desemprego do PP pola que, a partir do sexto mes, quen estea en ERTE ou no desemprego ve reducida a súa prestación ao 50%.

Unha transición enerxética xusta e galega

A crise derivada da covid vén sumarse á crise industrial que asola Galiza. A chamada descarbonización da economía no noso país está sendo, en realidade, un proceso de desmantelamento. O peche das centrais térmicas galegas é o comezo, pero á vista están as ameazas noutros moitos sectores industriais: electrointensivos, automoción, hidrocarburos, biocombustíbeis e mesmo o sector primario.

Para afrontar o cambio climático e camiñar cara a unha auténtica transición enerxética en Galiza, xusta e democrática, no social e no territorial, temos que decidir sobre os nosos recursos e ten que se recoñecer

a enerxía como un ben básico ao servizo do pobo.

Porén, quer pola súa inacción, quer pola súa sistemática transferencia de responsabilidades ao Goberno do Estado, o Goberno de Feixoo actúa como se non tivese nada que ver co que está a suceder. Isto non se resolve con declaracións nin chamamentos a un diálogo social que lexítima as políticas neoliberais e que se confunde con ter vontade de diálogo para dar unha alternativa á situación actual.

A mobilización é necesaria para exixir políticas decididas que permitan revertir a situación e combater o desemprego, a pobreza, a exclusión social e o desmantelamento industrial.

O Sergas, sen plan contra a covid-19

A mediados de agosto, a CIG-Saúde dirixíase á Consellaría de Sanidade para demandar a negociación dun plan de continxencia no que se contemplaran as necesidades de contratación de persoal ante posibles gromos de covid. Propoñía para iso tomar como referencia as ratios de persoal necesario para atender a carga de traballo derivada dos coidados que esta doenza require do período anterior. A día de hoxe non hai plan. Os gromos multiplícanse pola xeografía galega e o SERGAS afronta esta situación co persoal de vacacións, a Atención Primaria desbordada e os hospitais sen teren unha previsión.

A secretaria nacional de CIG-Saúde, María Xosé Abuín, responsabiliza o propio presidente da Xunta do actual descontrol. “Deu por rematada a covid e presentou un plan de desescalada para poder convocar as eleccións. O SERGAS asumiu que en Galiza a covid non volvería até o outono e obrigou o persoal a coller as vacacións en xullo e en agosto. Non contemplou sequera a posibilidade de que houbera gromos durante o verán. O problema é que si os houbo”.

A sanidade pública galega enfróntase agora á esta situación coa Atención Primaria afogada pola falta



de persoal estrutural que ten, con parte do persoal de vacacións, sen que se contratase ningún reforzo e co que está traballando asumindo o seu cupo máis o das súas compañeiras e compañeiros. Xornadas con até 50 ou 60 consultas ás que se engade a responsabilidade de facer seguimento ás máis de 4.000 persoas que permanecen nos seus domicilios con positivo en covid.

Falta de rastreadores/as

Lonxe da propaganda á que adoita recorrer Feixoo, que afirmou en xullo que en Galiza tiñamos 6.000 rastreadores/as, a realidade era ben outra. A proba é que un mes despois anunciou

que recorrería a persoal do exército. Unha decisión que para Abuín é “incrible e vergoñenta”.

A secretaria nacional de CIG-Saúde denuncia que hai unhas listas de contratación con miles de persoas inscritas, persoal altamente cualificado, ao que non se recorre. Por iso denuncia que “é indecente que no canto de contratar a este persoal formado se traia ao exército”.

Por iso a CIG-Saúde é contundente: non se pode dar resposta á pandemia sen unha boa asistencia sanitaria e non se pode garantir esa asistencia sen o persoal necesario, tanto na Atención Primaria como na hospitalaria.

Dignificar o traballo de coidados, mellorar as condicións

Seis meses despois de comezar unha pandemia que non ten marcada data de caducidade, as residencias de maiores, onde máis estragos provocou a covid, seguen sen ter o reforzo de persoal necesario. Os recortes de 2012 –que provocaron a perda de máis de 700 persoas traballadoras– persisten pero a carga de traballo, xa excesiva antes, viuse incrementada agora cos novos protocolos introducidos.

Por iso as traballadoras e traballadores destes centros, especialmente sensibles, manteñen as mobilizacións en demanda de reforzos humanos, mais tamén de melloras nas súas

condicións laborais. Queren que se lles devolvan os dereitos arrebatados e exixen algo tan simple como dous días ininterrompidos de descanso semanal, librar a metade de domingos e festivos alternos en cómputo anual e a súa compensación en tempo. Deste xeito rebaixaríase a carga de traballo e posibilitaríase a contratación de máis persoal.

Calidade asistencial

As súas demandas inclúen tamén a de contar con material para equipos de protección suficiente, tanto para unha situación normal, como para

unha de illamento. Mais tamén un escrupuloso cumprimento das medidas preventivas.

Non queren seguir camiñando cara a un modelo no que as persoas sexan tratadas como números dos que obter un valor produtivo. Os coidados, a atención ás persoas, ten que ser o centro. Para iso é imprescindible garantir a calidade asistencial a todos os niveis, nomeadamente cun bo cadro de persoal especializado, formado e suficiente. Un cadro de persoal especialmente feminizado ao que cómpre recoñecer o valor do traballo que desenvolve na súa xusta medida.



Folga no ensino por unha volta segura ás aulas

Foi necesario iniciar mobilizacións no ensino e a convocatoria de dúas xornadas de folga –o 10 de setembro en Primaria e o 16 de setembro en Primaria e Secundaria–, para que a Xunta de Galiza reaccionase e mudase o seu protocolo inicial. Cambios que se cinxen aos centros de ESO, Bacharelato e FP –e que manteñen unha interpretación restritiva do chamado distanciamento físico, porque seguen a medir desde o centro dos corpos e non desde os extremos–, mais que deixan á marxe as escolas de idiomas, as ensinanzas de réxime especial, a educación infantil, primaria e especial.

Unha “irresponsabilidade”, para a CIG-Enseño, que obriga a manter as accións de protesta, porque a Consellaría non unifica a distancia de seguridade en todos os ciclos e négase a reducir ratios, incrementar docentes ou atender cuestións como a vulnerabilidade dos colectivos de risco. Mantén ademais a descarga de toda responsabilidade nos equipos directivos e no profesorado e pon en risco o dereito ao uso de comedores, transporte escolar ou programas e actividades extraescolares.



A CIG-Enseño denuncia ademais a “incompetencia, improvisación, falta de entendemento e de busca de consensos” da Consellaría, porque, alén de eludir a adopción de medidas para garantir unhas aulas moito máis seguras, tampouco previu o escenario en caso de ter que regresar á teledocencia. “Calquera interrupción parcial ou temporal das aulas neste inicio de curso (corentenas, suspensión de aulas para un grupo, nivel ou colexio completo) non poderá ser atendida xa que nada se preparou; estamos igual que estabamos en abril”, afirma Suso Bermello.

Se esa suspensión fose máis prolongada, advirte, “estaríamos diante

dunha crise educativa de enorme transcendencia para unha parte do noso alumnado: aquel castigado pola fenda dixital como consecuencia do seu lugar de residencia, sendo Galiza un país con grandes déficits de conectividade a internet no rural, ou da súa condición social”.

Nesta loita o profesorado conta co apoio de miles de familias alarmadas pola situación creada pola pandemia e irresponsablemente desatendida polo Goberno galego, nun conflito no que as medidas, as que se toman cunha simple fita métrica e as que se adoptan ou desbotan desde o Consello da Xunta, son protagonistas de excepción.

Inspección fiscalizará as escolas infantís

A Consellaría de Política Social e a CIG están citadas a unha xuntanza coa Inspección de Traballo para o 9 de setembro a raíz da denuncia presentada pola central sindical pola situación de “risco e vulnerabilidade” fronte á covid-19 nas escolas infantís.

A incorporación das crianzas produciuse o pasado día 1 de setembro sen que se celebrase xuntanza ningunha nin coa representación do persoal, nin co Comité de Saúde Laboral, sen ningún reforzo de persoal e mesmo sen instrucións claras para sectorializar os chamados “grupos burbulla”.

A responsábel nacional do sector de Autónoma da CIG-Administración, Zeltia Burgos, explica que tampouco se

garante a parella educativa para que nunha aula de bebés de 0-1 anos, de se dar a circunstancia dun suposto positivo por febrícula –pódelle estar saíndo un dente–, unha das persoas coidadoras poida illarse coa crianza, tal e como establece o protocolo, mentres a outra queda co resto na aula.

Non se dispón nos centros de servizo de lavandaría e a Administración limitouse a indicar ao persoal que levase a roupa á súa casa nunha bolsa de plástico e a sometese a un lavado a 60°. Tampouco se dispón de uniformes suficientes para cambiar

cada día, nin se fixo reforzo de persoal para os labores necesarios de cociña, limpeza ou tarefas educativas.

Nos comedores que dependen de empresa externa tampouco se informou do procedemento de control da covid dos alimentos elaborados, entrada e saída destes e do persoal externo.

Para Burgos esta situación, á que se intenta dar solución improvisando desde as direccións dos centros, podería terse evitado de existir interlocución entre a Consellaría e o seu persoal. Agora as explicacións terá que as dar na Inspección.

**Política Social
terá que darlle
explicacións á
autoridade laboral.**

A capacidade de loita do persoal de Alcoa merece unha resposta á súa altura

A incansábel loita dos traballadores e das traballadoras de Alcoa e das súas auxiliares logrou abrir unha fenda no plan de peche da multinacional, obrigando os Gobernos a intervir e a presentar unha proposta de prórroga do período de consultas do ERE até o 28 de setembro. O obxectivo desta prórroga é facilitar as negociacións para a venda da fábrica de aluminio ao grupo Alliance GFG (Liberty House), baixo a premisa que demandaba o persoal: sen parada de cubas e mantendo a actividade industrial.

Para o secretario xeral da CIG, Paulo Carril, “queda confirmado que foi a unidade de acción, a mobilización e a defensa firme do futuro industrial, o que fixo posíbel que chegamos a este punto”. Pois non cómpre perder de vista as multitudinarias manifestacións que acolleu a Mariña en defensa do seu motor económico, as ducias de protestas e iniciativas que o persoal levou adiante ou a folga indefinida que mantiñan dende o 20 de xullo. Accións que forzaron a Xunta e o Ministerio de Industria a implicarse neste conflito e a Alcoa a suspender o



seu proxecto de cesamento inmediato da actividade das cubas de electrólise.

Porén, superada a primeira fase das negociacións entre ambas empresas, á CIG preocúpalle que Alcoa “esteia impedindo unha solución viábel e dificultando unha venda inevitábel”. De igual xeito, engade Carril, preocupa que o Goberno español e o Galego “non estean a traballar e aplicándose a fondo” para evitar o peche da fábrica

de aluminio e a parada das cubas, así como para garantir a continuidade industrial do complexo de San Cibrao e de todos os postos de traballo”.

A este respecto, e á espera do que aconteza durante este mes, Carril reitera que a CIG non renuncia a reivindicar a nacionalización do complexo como saída para o mantemento dunha actividade industrial estratéxica para Galiza como a produción do aluminio.

A empresa está a poñer atrancos a unha venda que é inevitábel.

O persoal técnico de incendios reclama melloras

O persoal técnico do Servizo de Prevención de Incendios Forestais (SPIF) da Consellería de Medio Rural atópase en folga indefinida dende o pasado 1 de agosto para reclamar melloras organizativas, unha maior dotación de medios técnicos e humanos e un novo acordo de condicións de traballo. Dende entón está a desenvolver un intenso calendario de mobilizacións, con protestas diante dos centros de coordinación de incendios das catro provincias.

O seguimento do paro segue a ser maioritario a pesar dos intentos de boicot por parte do departamento autonómico mediante descontos ilegais nas nóminas das persoas en servizos mínimos e coaccións para abandonar

a folga con promesas de retorno destas cantidades, externalización a terceiras empresas de traballos propios do persoal técnico, cambios repentinos de quendas de traballo e gardas e mesmo “ameazas solapadas”.

En consecuencia, os sindicatos convocantes –CIG, CCOO, UGT e CSIF– presentaron unha denuncia na Inspección de Traballo, mentres que a CIG baralla tamén outras vías de demanda. De feito, os servizos xurídicos da central están a estudar a posibilidade de emprender accións xudiciais ao entender que con estas actuacións a Consellería vulnera o dereito fundamental de folga do seu persoal. “Trátase de actitudes reprobables e

impropias dunha Administración que deba dar exemplo no respecto aos dereitos e liberdades fundamentais vixentes nunha sociedade democrática”, sinalan dende as centrais.

Ao tempo que censuran a “actitude hostil e o esquirolismo patronal” por parte de Medio Rural, nun intento de “coartar, intimidar e obstaculizar” o lexítimo dereito á folga. Mais queren deixar claro que o conflito e as mobilizacións non só van persistir, senón que se poden radicalizar. Con todo, apelan “ao diálogo, ao consenso e á sensatez” e agardan que se produza a apertura dunha mesa de negociación canto antes para achegar posturas e superar o conflito.